

2.º En caso de que a granxa recibise aves de curral ou ovos para incubar procedentes dunha granxa sospeitosa de infección ou infectada de influenza aviar ou de enfermidade de Newcastle.

3.º En caso de que se establecese un contacto que poida transmitir a infección entre a granxa e un foco de influenza aviar ou de enfermidade de Newcastle.

Finalizada a dita investigación, levantarase a suspensión ou revogarase a autorización, segundo proceda.

c) Ata a realización de novas análises, en caso de que os resultados dos controis relativos ás infeccións de *S. pullorum* e *S. gallinarum*, *S. arizonae*, *M. gallisepticum* ou *M. meleagridis* puidesen deixar entreve-la presenza dunha infección.

d) Ata a aplicación das medidas que o veterinario oficial xulgue oportunas, en caso de comprobarse que a granxa non satisfai as esixencias de instalación e funcionamento ou non cumpre co programa de control sanitario das enfermidades.

2. Revogación da autorización:

a) En caso de que se declare a influenza aviar ou a enfermidade de Newcastle naquela.

b) En caso de que unha nova análise adecuadamente realizada confirme a presenza dunha infección de *S. pullorum* e *S. gallinarum*, *S. arizonae*, *M. gallisepticum* ou *M. meleagridis*.

c) En caso de que, tras un novo requirimento do veterinario oficial, non se adoptasen as medidas para o cumprimento das esixencias en canto ás condicións de instalación e funcionamento ou non cumpra co programa de control sanitario das enfermidades.

C. Os supostos de rehabilitación da autorización revogada serán os seguintes:

a) En caso de que a autorización se revogase por causa da aparición de influenza aviar ou de enfermidade de Newcastle, poderá ser rehabilitada unha vez transcorridos 21 días desde o momento de se levar a cabo a limpeza e desinfección trala operación de sacrificio sanitario.

b) Cando a autorización fose revogada por motivos de infeccións provocadas por *Salmonella pullorum* e *S. gallinarum* ou *S. arizonae*, poderá volverse a conceder tras efectuarse no establecemento dous controis con resultado negativo separados, como mínimo, por un intervalo de 21 días e a desinfección despois de se efectuar un sacrificio sanitario.

c) Cando a autorización fose revogada por motivos de infeccións provocadas por *Mycoplasma gallisepticum* ou *Mycoplasma meleagridis*, poderá rehabilitarse tras efectuarse no conxunto da manda aviar dous controis con resultados negativos separados por un intervalo de polo menos 60 días.

D. A suspensión rematará nos seguintes supostos:

a) Sen necesidade de pronunciamento expreso da autoridade competente, cando conclúa a necesaria investigación sobre a enfermidade a que se refire a alínea b) do punto 1 [o punto B.1.b)] anterior, ou rematen as novas análises a que se refire a alínea c) do punto 1 anterior [o punto B.1.c)] (supostos de suspensión), e non proceda a revogación da autorización.

b) Logo de pronunciamento expreso da autoridade competente, unha vez verificado que se adoptaron as medidas para o cumprimento das esixencias en canto ás condicións de instalación e funcionamento, ou que se cumpre co programa sanitario das enfermidades.

MINISTERIO DO INTERIOR

6931 *REAL DECRETO 318/2003, do 14 de marzo, polo que se modifica o Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto 320/1994, do 25 de febreiro, para adaptalo á Lei 19/2001, do 19 de decembro, de reforma do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo. («BOE» 82, do 5-4-2003.)*

A disposición derradeira segunda da Lei 19/2001, do 19 de decembro, de reforma do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto legislativo 339/1990, do 2 de marzo, establece que o Goberno, no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor da dita reforma, procederá a modifica-lo Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto 320/1994, do 25 de febreiro, para adecualo ás modificacións contidas na dita reforma.

Esta disposición ten por obxecto o cumprimento do dito mandato legislativo. Trasládanse así ó regulamento de procedemento sancionador as innovacións que nesta materia introduciu a lei de reforma, entre as que cabe destaca-lo diverso tratamento dado á concorrencia das actuacións xurisdiccionais penais sobre o mesmo feito, que non impide a continuación do procedemento administrativo sancionador, o cal queda práctica e completamente instruído ata o momento de dictar resolución, en que se suspende ata que a autoridade xudicial resolva o procedente.

Por outra parte, concrépanse de maneira precisa os casos nos que se admite a notificación da denuncia con posterioridade á comisión da infracción, reforzando deste modo a vixilancia en zonas urbanas.

Tense en conta a incidencia do pagamento anticipado á resolución durante a instrución do procedemento, regulando a redución legal do 30 por cento do importe da multa e a súa incompatibilidade con outros beneficios legais de redución de sancións por sometemento a medidas reeducadoras.

Noutra orde de ideas, contéplase expresamente a competencia sancionadora en materia de tráfico das autoridades locais e autonómicas, definindo as súas competencias e os recursos contra as súas resolucións, e articulando a continuidade do procedemento cando co exercicio desas competencias concorre o das autoridades da Administración xeral do Estado para a imposición da sanción de suspensión da autorización administrativa para conducir.

Amplíanse no sentido indicado pola lei de reforma os prazos de cancelación dos antecedentes por infraccións graves e moi graves e os prazos de prescrición das infraccións e de caducidade do procedemento, regulando de forma precisa a interrupción e o cómputo das ditas figuras xurídicas.

Por último, establécese o sistema para que nos rexistros da Administración xeral do Estado consten a totalidade dos antecedentes por infraccións graves e moi graves, co fin de facer posible a distinta graduación en función da reincidencia ou, se é o caso, a instrución de expedientes de revogación de permisos de condución.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, trala aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de marzo de 2003,

DISPÕÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto 320/1994, do 25 de febreiro.*

Os artigos 2; 10.3; 12.2 e 3; 13.3; 15.1; 16; 17; 18.1 e 2, e 19.1 e 2, do Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto 320/1994, do 25 de febreiro, quedan redactados na forma que se insire a continuación deste real decreto.

Disposición transitoria única. *Tramitación de procedementos.*

Os procedementos sancionadores iniciados por denuncias formuladas a partir da entrada en vigor deste real decreto tramitaranse segundo este.

Os procedementos sancionadores iniciados antes da entrada en vigor deste real decreto continuarán tramitándose polas normas anteriores, salvo que as actuais normas modificadas sexan máis favorables ó denunciado; neste caso aplicaranse con efecto retroactivo.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó preceptuado neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor ó mes da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. De acordo coa disposición derradeira cuarta da Lei 19/2001, o disposto no artigo 12 do Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, en canto a medidas reeducadoras, entrará en vigor cando estas se desenvolvan regulamentariamente.

Dado en Madrid, o 14 de marzo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,
ÁNGEL ACEBES PANIAGUA

ANEXO

Modificación do Regulamento de procedemento sancionador en materia de tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial

Un. O artigo 2 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 2. *Actuacións administrativas e xurisdiccionais penais.*

1. Cando no procedemento administrativo se poña de manifesto un feito que ofrezca aparencia de delicto ou falta penal perseguible de oficio, a autoridade administrativa porao en coñecemento do Ministerio Fiscal, por se houber lugar ó exercicio

da acción penal e proseguirá o procedemento absténdose de dictar resolución mentres a autoridade xudicial non pronuncie sentenza firme ou dicte outra resolución que lle poña fin.

2. Concluído o proceso penal con sentenza condenatoria dos inculpadados, e unha vez acordada a suspensión do procedemento administrativo, archivarase este procedemento sen declaración de responsabilidade. Se a sentenza fose absolutoria ou o procedemento penal acabase por outra resolución que lle poña fin sen declaración de responsabilidade e non estiver fundada na inexistencia do feito, dictarase a resolución que corresponda no procedemento administrativo.»

Dous. Engádese un punto 3 ó artigo 10, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Será causa legal que xustifique a notificación da denuncia en momento posterior o feito de formularse en momentos de grande intensidade de circulación ou concorrendo factores meteorolóxicos adversos, obras ou outras circunstancias nas que a detención do vehículo tamén poida orixinar un risco concreto.

Así mesmo, a notificación da denuncia poderá efectuarse nun momento posterior cando a autoridade tivese coñecemento dos feitos a través de medios autorizados de captación e reprodución de imaxes que permitan a identificación do vehículo.

Procederá tamén a notificación da denuncia en momento posterior á súa formulación nos casos de vehículos estacionados cando o conductor non estea presente.»

Tres. O punto 2 do artigo 12 queda redactado da seguinte forma, e o actual punto 2 pasa a se-lo punto 3:

«2. O aboamento do importe da multa indicado na notificación da denuncia, tanto se é sinalado polo axente no acto da denuncia, como na notificación enviada posteriormente polo instructor, implicará a terminación do procedemento unha vez concluído o trámite de alegacións sen que o denunciado as formulase, rematando o expediente, salvo que se acorde a suspensión do permiso ou licenza para conducir e sen prexuízo da posibilidade de interpo-lo recurso correspondente.

A resolución que se dicte serao polo importe total da multa que proceda impor e terá en conta o pagamento anticipado que se efectuase con anterioridade para os efectos previstos no artigo 77.2 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, en canto se refire á terminación do procedemento. En todo caso, o importe total da multa imposta poderá ser obxecto de impugnación no correspondente recurso que se formule, a resolución do cal non quedará vinculada polo pagamento anticipadamente realizado.

Cando se minorase a contía da sanción pecuniaria por pagamento anticipado efectuado con anterioridade á resolución que se dicte, non será posible aplicar á cantidade resultante ningunha outra redución baseada na realización de medidas reeducadoras. Non obstante, a minoración da sanción pecuniaria por pagamento anticipado será compatible coa redución polo desenvolvemento de medidas reeducadoras da sanción de suspensión da autorización para conducir ou co fraccionamento desta última sanción.»

Catro. Engádesse un punto 3 ó artigo 13, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Cando, por razón da posible sanción de suspensión da autorización administrativa para conducir, a Administración xeral do Estado deba coñecer do expediente resolto polas autoridades competentes da Administración local ou autonómica que impuxesen a sanción de multa correspondente, estas autoridades, unha vez que adquirise firmeza a súa resolución, remitirán o expediente á autoridade competente da Administración xeral do Estado. Esta última autoridade notificará a proposta de resolución que contemple a suspensión do permiso ou licenza de conducción que se poida acordar e dará traslado desta en trámite de audiencia, por 15 días, ó interesado.»

Cinco. Modifícase o punto 1 do artigo 15, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Os delegados ou subdelegados do Goberno, se é o caso, e os alcaldes, dictarán resolución sancionadora ou resolución que declare a inexistencia de responsabilidade pola infracción. Esta resolución dictarase por escrito conforme prevén o artigo 55.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, salvo que os órganos administrativos exerzan a súa competencia de forma verbal; neste caso o titular da competencia deberá autorizar unha relación das que dictase de forma verbal con expresión do seu contido conforme prevén o artigo 55.2 da referida lei. A resolución deberá notificarse no prazo dun ano desde que se iniciou o procedemento, deberá ser motivada e decidirá tódalas cuestións propostas polos interesados e aquelas derivadas do procedemento.»

Seis. O artigo 16 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 16. *Caducidade.*

Se non recaese resolución sancionadora transcorrido un ano desde a iniciación do procedemento, producirase a caducidade deste e procederase ó arquivo das actuacións, por solicitude de calquera interesado ou de oficio polo órgano competente para dicta-la resolución. Cando a paralización do procedemento se producise a causa do coñecemento dos feitos pola xurisdicción penal e cando interviñese outra autoridade competente para impo-la sanción de multa e que teña que trasladala expediente para substancia-la suspensión da autorización administrativa para conducir á Administración xeral do Estado, o prazo de caducidade suspenderase e reiniciarase, polo tempo que reste ata un ano, unha vez que adquirise firmeza a resolución xudicial ou administrativa correspondente.

A interrupción da caducidade computarase desde que se notifique a resolución ó interesado e reiniciarase cando a resolución sexa firme, ben porque a consinta o interesado, ben porque se resolva o recurso interposto por este.»

Sete. O artigo 17 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 17. *Recursos.*

1. Contra as resolucións dos expedientes sancionadores que sexan competencia dos delegados do Goberno nas comunidades autónomas, poderán interperse dentro do prazo dun mes recurso de alzada ante o ministro do Interior. En igual prazo serán recorribles ante o delegado do Goberno

correspondente as sancións impostas polos subdelegados do Goberno.

A competencia para resolve-lo recurso de alzada previsto no parágrafo anterior poderá delegarse no director xeral de Tráfico.

As resolucións dos recursos de alzada serán recorribles ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa nos termos previstos na súa lei reguladora.

Transcorridos tres meses desde a interposición do recurso de alzada sen que recaia resolución, poderase entender desestimado, quedando expedita a vía contencioso administrativa.

2. Contra as resolucións dos expedientes sancionadores dictadas polos órganos competentes das comunidades autónomas que teñan transferidas competencias executivas en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor, así como as dictadas polos alcaldes, no caso das entidades locais, aplicarase o establecido na normativa correspondente.»

Oito. Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 18, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. O prazo de prescrición das infraccións previstas no texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial será o de tres meses para as infraccións leves, seis meses para as infraccións graves, e un ano para as infraccións moi graves e para as infraccións previstas no artigo 67.2 do dito texto articulado.

O prazo de prescrición cóntase a partir do día en que os feitos se cometesen. A prescrición interrómpese por calquera actuación administrativa da que teña coñecemento o denunciado ou estea encamiñada a coñece-la súa identidade ou domicilio e se practiquen con proxección externa á dependencia en que se orixine. Tamén se interrompe a prescrición pola notificación efectuada de acordo co establecido no artigo 78 do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial. A prescrición reiníciase se o procedemento se paraliza durante máis dun mes por causa non imputable ó denunciado.

2. O prazo de prescrición das sancións será dun ano, computado desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impoña a correspondente sanción.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorre-lo prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ó infractor.»

Nove. Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 19, que quedan redactados da seguinte forma:

«1. Unha vez que adquiran firmeza as sancións graves e moi graves, serán anotadas pola Xefatura de Tráfico en que se instruíu o expediente no Rexistro de condutores e infractores e, cando proceda, nos rexistros a que se refire o artigo 5.h) do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial. Cando estas sancións fosen impostas polos alcaldes ou polas autoridades competentes das comunidades autónomas, comunicaránselles para a súa anotación ós rexistros referidos no prazo dos 15 días seguintes á súa firmeza. As anotacións cancelaranse de oficio para efectos de antecedentes unha vez transcorridos dous anos desde o seu total cumprimento ou prescrición.

2. A anotación das sancións interesadas polas autoridades xudiciais ou outras autoridades administrativas será realizada pola Xefatura de Tráfico da súa demarcación, salvo que se estableza un sistema informático polo que se poida realizar directamente nos rexistros da Dirección Xeral de Tráfico.»

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

6933 *ORDE APA/771/2003, do 26 de marzo, pola que se modifica o anexo III do Real decreto 1888/2000, do 22 de novembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables ós intercambios intracomunitarios e as importacións de aves de curral e de ovos para incubar procedentes de países terceiros. («BOE» 82, do 5-4-2003.)*

O Real decreto 1888/2000, do 22 de novembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables ós intercambios intracomunitarios e as importacións de aves de curral e de ovos para incubar procedentes de países terceiros, incorporou ó noso ordenamento a Directiva 1999/90/CE, do Consello, do 15 de novembro, pola que se modifica a Directiva 90/539/CEE relativa ás condicións de policía sanitaria que regulan os intercambios intracomunitarios e as importacións de aves de curral e de ovos para incubar procedentes de países terceiros.

No artigo 15 do dito real decreto dispónse que as aves de curral e os ovos para incubar que sexan obxecto de intercambios intracomunitarios deberán ir acompa-

ñados, durante o seu transporte cara ó lugar de destino, dun certificado sanitario conforme o modelo correspondente previsto no seu anexo III.

A Decisión 2001/867/CE, do 3 de decembro de 2001, que modifica a Directiva 90/539/CE do Consello, polo que se refire ós certificados sanitarios necesarios para o comercio intracomunitario de aves de curral e de ovos para incubar, introduciu certos cambios nos modelos de certificados para incluír información sobre a vacinación contra a enfermidade de Newcastle. Sen prexuízo da eficacia e aplicabilidade directa desta decisión, por razóns de seguridade xurídica, considérase conveniente modifica-lo anexo III co obxecto de reflecti-los cambios introducidos na dita norma comunitaria.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores implicados.

Esta orde dítase ó abeiro da habilitación contida na disposición derradeira primeira do Real decreto 1888/2001, que faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modifica-los seus anexos para a súa adaptación ás normas comunitarias.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo III do Real decreto 1888/2000.*

O anexo III do Real decreto 1888/2000, do 22 de novembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal aplicables ós intercambios intracomunitarios e as importacións de aves de curral e de ovos para incubar procedentes de países terceiros, substitúese polo que figura como anexo desta disposición.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 26 de marzo de 2003.

ARIAS CAÑETE